

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 2 de setembro de 2022, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE PARA CENTRO DE SAÚDE EN A RAMALLOSA A M^a JOSE LOUREIRO VALES (EXPED. 2022/C009/000001)

EXPEDIENTE: 2022/G003/001164

Visto o expediente de contratación incoado a instancia desta Alcaldía, mediante Resolución de data 8 de abril de 2022 (res 483/22), para a adquisición de parte do inmueble rexistral que se detalla a continuación:

Dirección: LUGAR DE CACHEIRAS-RECESENDE

Localización: Gandarón

Superficie: 0,9884 hectáreas

Lindeiros: Norte, Jesús Rodríguez Rodríguez -1869- e Mercedes García Vales -1867-; Sur, José Casal Vilariño -1864-, José Mosquera Vázquez -1863- e Concello de Teo -1862-; Este, María Teresas Curras Rey -1866-; Oeste, camiño.

Descrición: Finca número MIL OITOCENTOS SESENTA E UN do Plano de Concentración Parcelaria de Cacheiras-Recesende, Concello de Teo. Terreo adicado a monte ao sitio de "Gandarón", da extensión superficial de noventa e oito áreas e oitenta e catro centiáreas

Referencia catastral: 15083A515018610000KY

Inscripción no Rexistro da propiedade de Padrón: Tomo: 865, Libro: 324, Folio: 162, Inscripción 2^a, Fecha: 29 de agosto de 2017.

De acordo co expediente e á vista do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 4 de abril de 2022, dos 9.884 m² da parcela, a parte que se

pretende adquirir concrétase en 5.635 m², superficie que se corresponde coa parte da parcela clasificada como solo rústico de especial protección forestal (R-3), e cuxa innecesariedade de licenza de segregación foi declarada pola Xunta de Goberno Local na sesión citada.

Considerando que, segundo a cláusula 9 do Prego de condicións, referida ás cargas e gravames, *“O Concello adquire o ben libre de cargas e gravames e ao corrente de todas as taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas. A estes efectos, o Concello non se subrogará e, polo tanto, non aboará en ningún caso, as débedas de calquera clase ou natureza que teña a persoa vendedora pendentes de pago en relación co ben obxecto de adquisición.*

Sen prexuízo de establecido no parágrafo anterior, constituirase unha servidume de paso de 4 metros de ancho no resto da parcela resultante da segregación da 1861, para o acceso á mesma, para todo tipo de vehículos, situada no extremo norte da finca segregada ao longo das extremas coas fincas 1869 e 1867, que será debidamente acondicionada polo Concello. Este dereito de servidume de paso eliminarase unha vez se desenvolva o Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-13) no que se enclava o resto da finca matriz.

Incorpórase ao presente, como anexo III, un plano coa delimitación da servidume na porción segregada da finca 1861 sobre o resto da finca matriz

O Concello comprométese a facer constar a servidume como carga ou gravame na inscrición do Rexistro da Propiedade da finca sobre a que recae, a fin de que a mesma teña efectos fronte a terceiros, conforme á lexislación hipotecaria.

Así mesmo, a persoa propietaria conserva o dereito á tala das especies arbóreas existentes na finca transmitida, aínda que esta se realice con posterioridade á escritura pública de compravenda, sempre que teña lugar antes do 31 de decembro de 2022 e, en todo caso, antes da posta a disposición da Consellería dos terreos para a construción do centro de saúde”.

Aprobado o expediente de contratación, mediante Resolución desta Alcaldía de 17 de agosto de 2022 (res nº 1039/2022), o 18 de agosto de 2022 remitiuse a invitación á propietaria da parcela que se pretende adquirir (rex. saída nº 1890), sendo recibida por esta o 25 de agosto de 2022.

Visto que a Proposición e documentación complementaria aportada pola propietaria da parcela, o 29 de agosto de 2022 (Rex. 999, nº entrada 2087), se axusta ao previsto no Prego de condicións e vista a restante documentación que integra o expediente.

Considerando que, de acordo coa cláusula 7 e segundo o informe do tesoureiro acctal., de 30 de agosto de 2022, incorporado ao expediente, a interesada atópase ao corrente das obrigas tributaria co Concello de Teo.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Adquirir a D.^a María José Loureiro Vales, con DNI ***7061**, 5.635 m² da parcela 1861 do polígono 8 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende (finca 34574), sita na Ramallosa, superficie que se corresponde coa parte da parcela clasificada como solo rústico de especial protección forestal (R-3), e cuxa innecesiedade de licenza de segregación foi declarada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 4 de abril de 2022, polo importe de corenta e cinco mil seiscientos corenta e tres euros con cincuenta céntimos (45.643,50€).

Segundo.- A parcela adquirese, de acordo co previsto na cláusula 9 do Prego de condicións, libre de cargas e gravames e ao corrente de todas as taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas, sen prexuízo do establecido na citada cláusula en relación a:

.- Constitución dunha servidume de paso, conforme se recolle no presente.

.- Dereito de D.^a M^a José Loureiro Vales á tala das especies arbóreas existentes na finca transmitida, aínda que esta se realice con posterioridade á escritura pública de compravenda, sempre que teña lugar antes do 31 de decembro de 2022 e, en todo caso, antes da posta a disposición da Consellería dos terreos para a construción do centro de saúde.

Incorpórase á presente, como anexo, un plano no que se reflicte a servidume referida.

Terceiro.- Constituír unha servidume de paso de 4 metros de ancho no resto da parcela resultante da segregación da 1861, para o acceso á mesma, para todo tipo de vehículos, situada no extremo norte da finca segregada ao longo das extremas coas fincas 1869 e 1867, que será debidamente acondicionada polo Concello. Este dereito de servidume de paso eliminarase unha vez se desenvolva o Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-13) no que se enclava o resto da finca matriz.

Cuarto.- Formalizar a presente adquisición así como a servidume descrita en escritura pública de conformidade co previsto no Prego de condicións.

Quinto.- De acordo co previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e na Lei 3/2003, de 3 de novembro, o ben deberá incorporarse ao Inventario municipal e inscribirse no Rexistro da Propiedade, no que se deberá facerse constar a servidume como carga ou gravame da finca sobre a que recae, a fin de que a mesma teña efectos fronte a terceiros, conforme á lexislación hipotecaria, ademais do dereito á tala de especies arbóreas recollido no presente.

Sexto.- Notificar o presente aos interesados, e comunicarllo aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais, dando conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas e na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

ANEXO

**PLANO COA DELIMITACION DA SERVIDUME NA PORCIÓN SEGREGADA DA
FINCA 1861 SOBRE O RESTO DE FINCA MATRIZ**



E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz